ACTA DA SESIÓN CONSTITUTIVA DA NOVA CORPORACIÓN MUNICIPAL RESULTANTE DAS ELECCIÓNS LOCAIS DO DÍA 28 DE MAIO DE 2023

En primeiro lugar a secretaria do Concello, declara aberta a sesión constitutiva da Corporación municipal de Bergondo, resultante das eleccións locais celebradas o día 28 de maio de 2023, e informa sobre o obxecto da sesión, guión das actuacións e a normativa aplicable.

De conformidade co establecido no el art. 195.1 da Lei Orgánica 5/1985, do Réxime Electoral Xeral (LOREX), as Corporacións municipais constitúense en sesión pública o vixésimo día posterior á celebración das eleccións, agás que se houbese interposto recurso contencioso-electoral contra a proclamación dos concelleiros electos, en cuxo suposto se constitúen o cuadraxésimo día posterior ás eleccións.

A tal fin, se constitúe unha Mesa de Idade integrada polos elixidos de maior e menor idade presentes no acto, actuando como Secretario o que o sexa da Corporación.

A Mesa comproba as credenciais presentadas, ou acreditacións da personalidade dos electos con base ás certificacións que ao Concello tivera remitido a Xunta Electoral de Zona.

Realizada a operación anterior, a Mesa declarará constituída a Corporación se concorren a maioría absoluta dos concelleiros electos. En caso contrario, se celebrará sesión dous días despois, quedando constituída a Corporación calquera que fose o número de concelleiros presentes.

En cumprimento do disposto na normativa vixente, pola Sra. alcaldesa en funcións ditouse en data 14 de xuño de 2023 Decreto de convocatoria da sesión constitutiva para o día de hoxe, 17 de xuño de 2023, ás 12:00 horas, que se desenvolverá con arranxo ao seguinte guión:

1. Constitución da Mesa de idade e comprobación das credenciais dos membros electos.
2. Toma de posesión dos cargos electos a través de xuramento ou promesa.
3. Constitución da Corporación municipal.
4. Elección de Alcalde/sa
5. Xuramento ou promesa e toma de posesión do cargo de Alcalde/sa
6. Cumprimento do establecido no artigo 36.2 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro.

A Xunta Electoral de Zona remitíu á Secretaría do concello a acta de proclamación de concelleiros electos de data 4 de xuño de 2023, segundo a cal non figuran recursos presentados ante a Xunta Electoral.

Deseguido, procede á secretaria ao chamamento dos/das concelleiros/as electos/as pola orde da acta de proclamación de electos de data 4 de xuño de 2023 da Xunta Electoral de Zona de Betanzos, entrando todos/as no salón de Plenos e ocupando os seus escanos.

A continuación procedese á constitución da Mesa de Idade

1. CONSTITUCIÓN MESA DE IDADE

Consonte ao disposto no artigo 195.2 da LOREX, para a celebración da Sesión Constitutiva fórmase unha Mesa de Idade, integrada polos elixidos de maior e menor idade, actuando como secretaria, a da Corporación. A presidencia a ostentará o concelleiro electo de máis idade ata a toma de posesión do Alcalde/sa que resulte

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público)

CVD: JVFzMkTbMctvnjcMxkac
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

elixido/a.

Á vista dos datos obrantes nesta Secretaría, resulta que o candidato electo de maior idade é D. José Ramón Lorenzo Carou do PsdeG-PSOE e e o candidato electo de menor idade é D. Pablo Santiso Vázquez de Alternativa dos Veciños, invitándolles a que ocupen os lugares destinados para tal efecto.

Segundo a acta de proclamación dos candidatos electos de data 4 de maio de 2023, remitida pola Xunta Electoral de Zona de Betanzos, resultaron proclamados e pola orde nela recollida os/as seguintes candidatos/as:

Polo Bloque Nacionalista Galego-BNG
David Carro Temprano
Tania Golpe Pérez

Polo Partido dos Socialistas de Galicia -PSdG-PSOE
Alejandra Pérez Máquez
Patricia María Vázquez Figueroa
José Ramón Lorenzo Carou
María Begoña Calviño Dorado

Por Aletrnativa dos Veciños -AV
Juan Antonio Fariña Pedreira
María Pilar Barja Val
Pablo Santiso Vázquez

Polo Partido Popular-PP
Francisco Manuel Fafián Torreiro
María Loreto Caseiras Arroyo
Alicia María Souto Ramos
María Arca Nieto

A sra. secretaría continúa indicando que o artigo 75 de la Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LBRL) establece a obriga de todos/as os/as concelleiros/as de formular ante a Secretaría Xeral antes da toma de posesión:
- declaración dos seus bens patrimoniais e da participación en Sociedades de todo tipo, con información das sociedades por ellas participadas e das declaracións dos impostos sobre a Renda, Patrimonio e, no seu caso, Sociedades.
- declaración sobre causas de posible incompatibilidade e sobre calquera actividade que lles proporcione ou poida proporcionar ingresos económicos.

Por outra banda, e de conformidade co disposto no artigo 7 do ROF, antes da toma de posesión, deberán presentar a credencial ante a Secretaría Xeral.

Infórmase que por parte de todos/as os/as candidatos/as electos/as presentáronse na Secretaría da Corporación as correspondentes declaracións de bens patrimoniais e sobre causas de posible incompatibilidade e sobre calquera actividade que lles proporcione ou poida proporcionar ingresos económicos consonte aos modelos aprobados polo Pleno da Corporación, acompañando, no seu caso, as declaracións dos impostos citados (*ou manifestación de non obriga de contribuir*). Así mesmo infórmase que se deu cumprimento ao disposto no artigo 7 do ROF, ao teren presentado as credenciais na Secretaría da Corporación.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público)

CVD: JVFzMkTbMctvnjcMxkac
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

A seguir, a Mesa de Idade, de conformidade co previsto no artigo 195.3 da LOREX procede a comprobar as credenciais presentadas ou acreditacións da personalidade dos electos con base á acta de proclamación de electos remitida pola Xunta Electoral de Zona.

O sr. Presidente da mesa de idade, saúda os asistentes e indica que comprobado que se teñen presentado as credenciais e as declaracións de bens patrimoniais e de actividades e outras causas de posible incompatibilidade por todos/as os/as candidatos/as electos, e que asisten a esta sesión a totalidade dos Concelleiros/as, cúmprese co requisito da maioría esixida pola normativa vixente para a celebración desta sesión constitutiva, procedéndose de seguido ao xuramento ou promesa e toma de posesión dos cargos de Concelleiros/as.

2. TOMA DE POSESIÓN DOS CARGOS ELECTOS A TRAVÉS DE XURAMENTO OU PROMESA.

Indica a sra. secretaria, que o xuramento ou promesa de acatamento á Constitución esixido polo artigo 108.8 da LOREX, préstase baixo a fórmula establecida no Real Decreto 707/1979 (*Xuro ou prometo pola miña conciencia e honor cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro/concelleira do Concello de Bergondo, con lealdade a El-Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado)*

A tal efecto sitúase enriba da mesa presidencial un exemplar da Constitución Española, así como a formula regulamentaria do xuramento ou promesa en galego e en castelán.

Efectúanno, en primero lugar, o presidente da Mesa de idade (promete), e logo o vogal (xura); os demais concelleiros/as electos/as farano deseguido, sendo chamados a tal efecto pola secretaria, pola orde que figura na acta de proclamación de electos.

A medida que van prestando xuramento ou promesa, impónselles a Medalla Edilicia, pola secretaria ao Presidente da Mesa de Idade, e polo Presidente da Mesa de Idade aos demais concelleiros/as.

David Carro Temprano	promete, por imperativo legal
Tania Golpe Pérez	promete, por imperativo legal
Alejandra Pérez Máquez	promete
Patricia María Vázquez Figueroa	promete
María Begoña Calviño Dorado	promete
Juan Antonio Fariña Pedreira	promete
María Pilar Barja Val	promete
Francisco Manuel Fafián Torreiro	xura
María Loreto Caseiras Arroyo	promete
Alicia María Souto Ramos	promete
María Arca Nieto	promete

3. CONSTITUCIÓN DA MESA DA CORPORACIÓN

O Presidente da Mesa manifesta que cumpridos os requisitos legais e rematado o acto de xuramento ou promesa, a Mesa de Idade **DECLARA VÁLIDAMENTE CONSTITUÍDA A NOVA CORPORACIÓN RESULTANTE DAS ELECCIÓNS LOCAIS CELEBRADAS O PASADO DÍA 28 DE MAIO de 2023**. A continuación procederase á elección de alcalde/sa.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público)

CVD: JVFzMkTbMctvnjcMxkac
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

4. ELECCIÓN DE ALCALDE/SA

A continuación a Sra. secretaria informa que se vai proceder á elección do/a alcalde/sa do Concello de Bergondo segundo o disposto no artigo 196 da LOREX:

"Na mesma sesión de constitución da Corporación se procede á elección de alcalde ou alcaldesa, consonte co seguiente procedimento:

• a) Poden ser candidatos todos os conelleiros que encabecen as súa correspondentes listas.
• b) Se algún dele obtén a maioría absoluta dos votos dos Concelleiros é proclamado electo.
• c) Se ningún deles obtén a devandita maioría é proclamado alcalde o conelleiro que encabece a lista que teña obtido o maior número de votos populares no correspondente municipio. En caso de empate resolveráse por sorteo. "

Así mesmo informa a secretaria, que segundo doutrina reiterada da Xunta Electoral Central, entre outros o Acordo da Xunta do 5 de outubro de 2006, se algún dos/as concelleiros/as cabeza de lista na postulación á Alcaldía, dixera que non ao citado cargo, deberá preguntarse ao/á seguinte ata esgotar a lista.

Os/as Concelleiros/as que encabezan as correspondentes listas son os seguintes:

- Francisco Manuel Fafián Torreiro (PP)
- Alejandra Pérez Máquez (PSdeG-PSOE)
- Juan Antonio Fariña Pedreira (AV)
- David Carro Temprano (BNG)

O Sr. Presidente da Mesa da a palabra a sra. Secretaria, quen, tendo en conta a normativa aplicable pregunta ¿qué concelleiros/as dos que encabezan as listas presentan a súa candidatura ao cargo de alcalde/sa?

- Francisco Manuel Fafián Torreiro_si
- Alejandra Pérez Máquez_ si
- Juan Antonio Fariña Pedreira_non
- David Carro Temprano_non

Ao responder o cabeza de lista de Alternativa dos Veciños que non, a sra. secretaria pregunta se Alternativa dos Veciños presenta candidato á alcaldía: a resposta é que non.

Igualmente ao responder que non o cabeza de lista do Bloque Nacionalista Galego, a sra. secretaria pregunta se o Bloque Nacionalista Galego presenta candidato á alcaldía: a resposta é que non.

Oídas as respostas se presentan e son proclamados candidatos/as ao cargo de alcalde/sa do Concello de Bergondo:

- Francisco Manuel Fafián Torreiro
- Alejandra Pérez Máquez

A sra. Secretaria indica que pola Mesa de Idade, proponse que se efectúe a votación polo sistema de votación ordinaria, que é o sistema normal de votación segundo o disposto no artigo 102.1 do ROF. A continuación explica a sra. secretaria que só se pode dar o voto a un dos candidatos.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público)

CVD: JVFzMkTbMctvnjcMxkac
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

De seguido comeza a votación ordinaria, a man alzada, de cada candidatura presentada. Finalizada a votación, a secretaria informa que o resultado foi o seguinte**:**

- Votos a favor de Francisco Manuel Fafián Torreiro: Total catro (4) votos a favor.
- Votos a favor de Alejandra Pérez Máquez: Total sete (7) votos a favor.
- Abstencións: dúas do sr. Carro Temprano e da sra. Golpe Pérez.

Á vista do resultado da votación, sendo o número legal de concelleiros da Corporación de 13, a candidatura de **Alejandra Pérez Máquez** obtén a maioría absoluta dos votos.

O sr. Presidente da mesa de idade indica que, visto o resultado da votación, a Mesa de Idade proclama Alcaldesa do Concello de Bergondo á candidata da lista electoral do Partido dos Socialistas de Galicia- Partido Socialista Obrero Español, **Alejandra Pérez Máquez**.

5. XURAMENTO OU PROMESA E TOMA DE POSESIÓN DO CARGO DE ALCADE/SA.

O Sr. Presidente da Mesa de Idade solicita á sra. Pérez Máquez, proclamada alcaldesa electa, que manifeste se acepta o cargo de alcaldesa do Concello de Bergondo. A alcaldesa electa manifesta a súa aceptación; seguidamente invítaa a que se acerque á Mesa para proceder ao xuramento ou promesa de acatamento á Constitución, como requisito previo a súa toma de posesión.

A Sra. alcaldesa electa promete o seu cargo de acordo coa formula establecida no Real Decreto 707/1979, de 5 de abril, polo que se establece a formula de xuramento en cargos e funcións públicas.

O Sr. Presidente da Mesa manifesta que cumprimentada a promesa de acatamento á Constitución, queda en posesión do cargo de alcaldesa do Concello de Bergondo, polo que lle corresponde asumir a Presidencia desta sesión constitutiva, entregándolle o bastón de mando como símbolo das atribucións propias do cargo.

Neste momento o Presidente e a Vogal da Mesa de Idade abandonan a presidencia para ocupar os seus respectivos escanos.

A continuación a sra. Alcaldesa Alejandra Pérez Máquez, pasa a ocupar o seu posto de Presidenta da Corporación, e pronuncia as seguintes palabras:

«Por primeira vez non traio nada preparado, ainda que non fai falla cando do que se trata é de amosar o agradecemento.

Señora secretaria, Señora Interventora
Concelleiras e concelleiros da corporación
Veciñas e veciños do noso concello
Prensa
Funcionarios e funcionarias municipais

Moitas grazas a todos e todas por acompañarnos no día de hoxe, estades acompañándonos compañeiros das distintas formacións políticas, porque representamos, representades o que a cidadanía de Bergondo votou, e

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público)

CVD: JVFzMkTbMctvnjcMxkac
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

desta vez a cidadanía de Bergondo votou moi dividido; tanto que ao final fai que con máis motivo teñamos que falar e chegar a puntos de encontro entre todos nos. Estes puntos de encontro terán que ser dende o común e dende as nosas diferenzas. Aínda así, estou segura de que o que nos trae a todos aquí é esa representatividade pero sobre todo esa defensa dos intereses de Bergondo en plural, da veciñanza en xeral, o interese polo ben común de todos e todas.

Quero agradecer o traballo das funcionarias, dos funcionarios e de todo o persoal municipal, é un placer e un orgullo traballar con eles día a día. Porque é a defensa dese sentimento o que os fai estar aquí. Y desde eso que os leva a eles e a elas a defender ese sentimento e ese traballo en equipo, é o que nos ten que levar a nos, e o que a min me levará de primeira.

Agradezo o apoio neste Pleno dos que votaron a favor e dos que non votaron a favor, pero obviamente aos que votaron a favor, ao grupo de Alternativa dos Veciños; no pleno de despedida xa fixen unha mención especial aos compañeiros que se despedían desta Corporación, Eloy, Juan e Santi; hoxe dou unha benvida moi especial aos novos, a Pablo, a Pilar, a Tania, asegúrovos que é un reto marabilloso, ilusionante, xa que a fin de contas estamos representando aos nosos veciños e veciñas e non hai maior orgullo. E por último podo decirvos que o traballo vai ser a reo e constante, como foi sempre, insisto coa defensa e coa integridade e honestidade como bandeiras

E non quero deixar de agradecer aos que nos soportan, ás nosas familias (...), e por suposto ás nosas familias, e á outra familia, e no meu caso, á familia socialista de Bergondo, á agrupación socialista de Bergondo, ao partido socialista a nivel provincial, e a todos eses compañeiros e compañeiras que tanto nos están apoiando dende o silencio; así que comprométome, e creo que no nome de tódolos demáis a traballar, traballar e traballar.

Moitas grazas»

6. CUMPRIMENTO DO ESTABLECIDO NO ARTIGO 36.2 DO REAL DECRETO 2568/86, DE 28 DE NOVEMBRO.

A Secretaria manifesta que, o artigo 36.2 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Entidades Locais (ROF), establece que os Secretarios e Interventores tomarán as medidas precisas para que o día da constitución das novas Corporacións Locais se efectúe un arqueo e estean preparados e actualizados os xustificantes das existencias en metálico ou valores propios da Corporación, depositados na caixa municipal ou entidades bancarias, así como a documentación relativa ao inventario do patrimonio da Corporación e dos seus organismos autónomos.

A secretaria da a palabra á sra. Interventora, que de conformidade co disposto no artigo 36.2 do ROF, da lectura áo resultado recollido na Acta de arqueo Extraordinario a data 16.06.2023, que arroxa unha existencias de 7.977.235,49 euros.

A continuación, a secretaria indica que aos efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 36.2 do ROF, 86 do Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, 33.2 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, dáse conta do resumo do Inventario Municipal de Bens e Dereitos para a súa comprobación, que presenta a data de hoxe os seguintes totais por epígrafes:

EPÍGRAFE	Nº DE BIENES	VALOR ACTUAL
Inmuebles Urbanos	243	10.940.998,26 €

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público)

CVD: JVFzMkTbMctvnjcMxkac
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Inmuebles Rústicos	52	832.403,41 €
Vías Urbanas	71	8.796.228,00 €
Vías Rústicas	228	967.339,16 €
Muebles No Comprendidos Anteriormente	344	261.677,08 €
Vehículos	26	138.755,00 €
TOTAL	**964**	**21.937.400,91 €**

Por último a Alcaldesa informa que no prazo de trinta días deberá ter lugar unha sesión extraordinaria ao obxecto de resolver os seguintes puntos, de conformidade co sinalado no artigo 38 do ROF, sen prexuízo de calquera outros precisos para a regularización da organización da Corporación:

.- Periodicidade das sesións do Pleno.

.- Creación e composición das Comisións Informativas Permanentes

.- Nomeamento de representantes da Corporación en órganos colexiados, que sexan da competencia do Pleno.

.- Dar conta do nomeamento dos membros da Xunta de Goberno Local.

.- Dar conta do nomeamento de Tenentes de alcalde.

.- Dar conta das delegacións conferidas pola Alcaldía.

.- Dar conta da constitución dos grupos municipais, os cales deberán comunicalo á alcaldesa, mediante escrito asinado por todos os seus integrantes, no que constará a designación do portavoz do grupo e suplente, no prazo de cinco días hábiles seguintes á constitución da Corporación.

Esta acta foi gravada con video. Consta no expediente do TEDeC 2023/G010/000007 o video.A pegada dixital desta gravación de video é a seguinte:

75d92295094d7f850467269031602d31ee4313b4b568cee5b5629062e296973e

O algoritmo de pegada dixital é SHA-256 e o formato da pegada é a hexadecimal en ASCII (base 16). Pódese comprobar co arquivo e a ferramenta autofirma.

Non habendo máis asuntos que tratar, a Sra. alcaldesa-presidenta levanta a sesión, sendo as doce horas e trinta minutos do expresado día. Autorízase a presente acta coa sinatura electrónica da presidenta e da secretaria, que dá fe.

A secretaria

Ana M.ª Cacharrón Castelos

A alcaldesa

Alejandra Pérez Máquez

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público)

CVD: JVFzMkTbMctvnjcMxkac
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.